

N. 2529

F. TETTAMANCY GASTÓN


Victor Said Armesto

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F-1505

Biblioteca

A CRUÑA



VÍCTOR SAID ARMESTO



Para a Biblioteca da Real
Academia Sallega
Sem numerario
D.^o Peltmann

F. TETTAMANCY GASTÓN

Víctor Said Armesto

TRABALLO LEIDO NA NOITE DO 3 DE AGOSTO DE 1917,
CON MOTIVO DO HOMENAXE CONSAGRADO
POL-A "IRMANDADE DA FALA" NA CRUÑA PARA HON-
RAL-A MEMORIA DE TAN ILUSTRE ESCRITOR

C'UNHA FOLLA DE
MURGUÍA
E
UN COLOFÓN DE CARRÉ ALDAO



A CRUÑA
IMPRENTA OBREIRA

1917

F. TETTAWAY GASTON

Victor Said Amislo

E PROPRIEDADE DO AUTOR.

QUINTA-FEIRA, 20

MILROU


UN COMPTON DE L'ART DE L'ART

1900


1900

1900

1900



J. Paid Arnesto.



Querido Tellamancy:

Dios le pague la obra de misericordia con que honró en su trabajo la santa memoria de Víctor Said, el sin fortuna.


Cuantos le estimaron y tenían en su obra puestas las mayores esperanzas se lo agradecerán en el alma al autor de páginas que son como un amargo lamento por la muerte del ilustre orador, de quien se deseaba conocer los grandes milagros de su erudición.


Yo que seguí al infortunado amigo, casi desde la cuna, sé bien lo que valía y cuanto, al perderle, perdió Galicia en la hora infausta en que el cielo llamó para sí el alma ingenua de quien, al poner el pié en los escalones del templo en que iba á entrar como conquistador, fué detenido por la muerte en lo mejor

de la vida, en los más fecundos momentos de su producción y de su amor á la tierra natal, en donde todos tenían puestos los superiores anhelos de la resurrección de nuestro pasado.

Pero la suerte le fué adversa y cayó el arbol cuando iba á florecer. Ausentes, para mayor dolor, la esposa y los hijos amantísimos, solo tuvo en sus últimos momentos el sagrado consuelo de recibir el último beso de su madre desconsolada.

M. MURGUÍA,
Coruña, Septiembre 1917.





Víctor Said Armesto ⁽¹⁾

Irmans e amigos: (2)

Víctor Said foi un bon amigo meu; e non solamente pol-o seu carácter nobre e sinxelo se non pol-o seu singular entendemento.

Porque eu, heivos de o decir co aquela franqueza da que Dios quixome conceder e eu observar, que tiven e teño pol-os meus millores amigos aqueles de quenes adeprendín e adeprendo moito, ao me proporcionaren mantenza nutritiva para o meu espírito, tendo por miras o vello aforismo que nos impon de que o home non soilo vive de pan.

(1) † 17 do mes de Santiago do ano de 1914.

(2) Cómpreme o deber obrigado de facer presente n-estas ringleiras á redacción do boletín da nosa IRMANDADE, *A Nosa Terra*, e singularmente ao seu cultísimo director Antón Villar Ponte, meu grande amigo, o meu profundo agradecemento pol-as loubanzas que tivo en ben adicar á este probe traballíño meu, no número do día 30 de Agosto do ano que rixe.

A morte quixo anticipar c'o seu fallo inapelable, en-deben que criminal na maoría das veces, o desaparecemento d'este mundo, d'un home, inda mozo, cargado de familia e, para mais bulra do destino, de condición probe. ¡E de que maneira a Morte foi segare aquela vida que tan respetada debera de lle sere, no xa pol-a tristeira orfandade na que quedaban os seus nembros mais amados, se non tamen pol-a utilidade de refinada cultura que de educador meritísimo abonáballe, atendendo á que as suas ensinanzas viñan constituire alimento dixestivo para espíritos anémicos de intelixencia, mais desexosos de paladear manxares saudabres que os rexenerasen.

Decía eu,—á pouco de emprendel-o viaxe eterno outro amigo meu tan sinificado, cal o admirable prosista Prudencio Canitrot—(1) se se ha de considerar coma un axioma o criterio d'un filósofo ilustre ao espoñere que a Morte lexos de considerala un mal, é o primeiro dos bens, tendo na conta de qu'ela vai sere un tránsito á un estado millor, á unha metamórfosis ascendente, e non un esnaquizamento, cal supoñen os enganados pol-a aparenza.

Mais eu non podo estar conforme con proposición somellante: a Morte estará no seu canto e hastra ten o seu xustificamento, cando pol-a lei natural que lle está encomendada, decreta e prac-

(1) *La Luz Apagada* p. 250, 251, obra póstuma d'este xenial escritor. Madrid, 1914.

tica o seu fallo; considérola, entroques, tiran e cruel, cando vaino á apricar en séres que, no seu primeiro tercio da vida, comenzando á formar unha nova familia, e adornados de sentimentos humans e d'un entendemento sobresainte, sofren a tremenda sentencia. N-este caso a Morte, será de cote reprobada sin reservas, e pol-o tanto, o principio esposto, mirado así ben baixo do aspecto psíquico e non filosófico, abonda en lóxica.

Das tres formas que reviste a escravitú nas que a Sociedade está aprisoada interín o mundo eisista, cales son a doméstica, civil e política, a primeira d'elas é a que fai máis palpable a opresión, porque se identifica, como atinadamente nol-o inseaña un sonado sociólogo, c'os nosos diarios padecementos de cada hora, padecementos físicos e morais, necesidades do corpo e d'alma. Esta tamén adoece, e sofre as suas necesidades, tanto mais imperiosas, canto mais se derivan da nosa eisistencia, do mais íntimo e do mais erguido.

E reflesionade agora vosoutros: se homes da valía de Víctor Said, que tras d'un trafego intelectual, o mais penoso e dendes de logo o menos reproductivo económicamente, que calesquer outro manual ou material, morreu probe sin deixare os medios necesarios para se poider criar os seus mais quiridos séres da sua alma, ¿qué responsabilidade mais direita non ten esa sociedade podente e desperdizadora que dempois de se lucrar e aproveitar das sanas inseañanzas que o noso malogrado amigo lle legou, ademostra un indiferentismo

noxoso, sin tratare de mitigal-a amargurenta situación d'aqueles que deixou cuáseque na miseria?

Víctor Said e a súa obra

Aquel corpo esmirriado e lixeiro coma unha volvoreta, endexamaís acougado, pequeno, miúdo, continúa entroques unha alma chea de bondade e dozura, compretándose n-aquela despeixada frente un celebre privilexiado, traballador, que pechaba un podentoso saber, e que, como aprecia un biógrafo seu, merecía moitísimo máis que tantos outros que por acó runflan,—latricadores de profesión,—unha vida longa para disfroitar décadas de anos de próspero benestar, tan amarguexamente adquirido, de saborear a gloria, chegada por fin, dempois de tanto trafego de ruda loita.

¡A súa Galicia—para él tan querida—ha de tardar inda moito tempo o producir homes de complexión intelectual como a que abonaba ao meu nunca ben chorado amigo!...

Cantas veces tiña él a ocasión de visital-a nosa leda Cruña, parece que se gozaba en parolar con grande agarimo,—concedéndolles especial preferencia—c'os seus íntimos, cales foran o noso escelso Murguía, e aqueles outros poucos amigos, de enxebreza acreditada, que tiñan en ben de se axuntaren á cotío na que, uns cantos tan imbéciles como cobizosos, deran en alcumar *A Cova Céltica* (Libreiría do cultísimo Euxenio Carré Aldao en malhora desaparecida) e, abofellas, que do tal

alcume, querendo facere un *chiste* trocouse en horrosísima gabanza; cantas veces, repitirei, congregados n-esa *Coba*, na que se aspiraba unha solencia de rescendente cultura e de enxebrismo gallego (1), somellando á os Celtas cando celebraban seus ritos relixiosos, Víctor Said, actuando, por veces, de gran sacerdote, co a súa substanciosa erudición

(1) A tertulia cotidiana formábana Murguía, Pondal, Martínez Salazar, Saralegui y Medina, Alvarez Insua, López Seoane, Martelo Paumán, Bernárdez o abade da Colexiata, Victorino Novo, Barbeito Hermosilla, Vicente Carnota, Salvador Golpe, Lugris Freire, Núñez González, Pérez Ballesteros, Ribalta, Rodríguez González (Eladio), Salinas, Varela Lenzano, Vaamonde, (Florencio e César), Ramón de Arana, Vicente Díaz, Vega Blanco, Villaamil y Castro, Balsa de la Vega, Julio Dávila, Román Navarro, Castro Chané, Juan Montes, Pascual Veiga, José Baldomir, Alguero Penedo, Daniel Alvarez, Banet Fontenla, Angel del Castillo, Marcial de la Iglesia, Lumbreras, Martínez Esparis (Ramón). Núñez Sarmiento, Paz Nóvoa, Marcelo Macias, Fernández Alonso, Moreno Barcia, Maciñeira, Leandro Pita, Salgado Rosende, Bernardo Barreiro de W, Balás, Barreiro Costoya, Luis Rodríguez Seoane, Augusto Santiago Gadea, Sors (Marcelino); a lguns mais que inda que ausentes viñan de cote á esta vila como Armada Teixeira, Amor Meilán, Justo E. Areal, Barreiro Meiro, Barcia Caballero, Cabeza León, Lisardo Barreiro, Alfredo Brañas, Curros Enriquez, García Ferreiro, Urbano González, Labarta Posse, Lois (Rogelio), Lois Vázquez, López Pelaez e Lago González, (actuales arcebispo de Tarragona e bispo de Tuy); Nan de Allariz, Aureliano J. Pereira, Pérez Placer, Portela Pérez, Fort Roldán, Leite de Vasconcellos, Euxenio de Castro, Carlos Luis Bratli, Dodson, Castro López, Pérez Costanti, e moitos mais, uns xa finados e outros que para satisfacción e gloria das letras gallegas inda viven; cantas persoas de algunha significación na literatura e arte pa-

nos falaba d'aqueles tempos millores e patriarcais e da súa futura labor literaria que tiña entre das mans, e de que moi logo habería de se converter en libros de notorio valimento loubados por propios e alléos, cales *La Leyenda de Don Juan: Orígenes poéticos de El Burlador de Sevilla y Convidado de Piedra*, e do gran clásico castelán *Don Guillén de Castro*.

D'esta derradeira producción, do celebrado pontevedrés, non habereivos de tratar agora, inda atendendo á importancia que para a cultura xeneral representa, por non vire, e permitídemme o verbe, á conto, mais sí da primeira das obras ditas, por tere relación c'o noso país gallego.

¡A leenda de Don Xuan! Irmans e amigos; se eu fora a vos informar c'o detenemento que require labor xermolada de tan encaixado celebre, tiñavos que estare molestando co a miña rústica verbe moitas horas seguidas, que tal é a trascendencia, tales son as novidades así coma as bondades literarias e hastra doctrinarias e históricas, que o tal libro contén.

¿Quén de todol-os que me escoitades, deixará de conocel-o drama cabaleiresco do *Don Xuan Tenorio* do inmortal Zorrilla, que xamais envellece;

saban pol-a Cruña, ali iban para teren unas horas de íntima complacencia entromedias de verdadeiros irmans.

Deixámos para o derradeiro, que os últimos serán os primeiros, os nomes das mulleres distinguidas de Galicia que nesa tertulia foron gala e ornato moitísimas veces, recordando entre elas á Filomena Daño Muruais, e Sofía Casanova.

ese drama que cada ano en opinión d'un crítico de creto, na primeira seman do mes de San Martiño, leva á ucha do editor de *seis a oito mil pesos*, e que ao seu autor predúxolle nada mais de *des mil reás*, ao cabo de 40 anos, dúas refundicións e un preito?...

Poil-o asunto que escolleu Zorrilla para confeccional-a producción dita, foina á pillar d'outros inxénios que lle precederon ben fora Tirso de Molina, ben outro calesquera ao escribírese douscentos anos antes *El Burlador de Sevilla y Convidado de Piedra*.

E Víctor Said, c'os seus atisbos e c'o seu espírito investigador pacenciudo, nos ven á demostrar con argumentos de moitísima forza que o tal asunto ou mito tivo tamén seu oríxen na nosa Galicia; e que espallados pol-as diferentes bisbarras d'ela, singularmente nas da provincia de Ourens, concurren romances por él recollidos nas suas constantes excursións, d'unha somellanza tan típica coma fonda, e d'unha vellés de séculos, anteriores, á que se pretende coma unha cousa propia e especial na do *Convidado de Piedra*.

A leenda da Morte

A Europa dos séculos medios, abonda en leendas e relatos d'unha esgrevia e interesante materia: toda ela de grande importancia para a literatura xeneral.

Dante, o mais xenial poeta clásico d'aquelas

datas, inspirou n-eses relatos a sua maravilhosa *Epopéya*, relatos os que, disfigurados mais tarde pol-a razón da marcha dos tempos, gardaron, verbo d'eso, virtude vizosa para se abastecer dos temas dramáticos os clásicos españoles Calderón de la Barca, (1) Lope de Vega, (2) Tirso de Molina, (3) e outros.

Mais en ningunha parte—á escepción da Irlanda, nos di Anatole Le Braz na sua *La Legende de la Mort*—(4) se ten unha acción mais directa sobre das almas, que na Bretaña Armoricana, onde foi se facer do mesmo xeito o teatro que a populariza.

Esta consideración de Le Braz—quen seguramente non coñece a fisonomía da nosa Galicia—lévame o considerar á min tamen a grande afinidade que n-esta concorre, fixándome en que todol-os pobos de orixen ou carácter céltico, son nos que n-eles vai se a conservar mais enxebre, a antiga cursidade da raza pol-os problemas da Morte. Non é o motivo o que mais os cautiva, nin qu'eles sexan mais domésticos, ou o mais familiares. Da fisonomía mesma do país que eses pobos habitan, tira o haber contribuído á os entreter n-ese estado d'espíritu.

Cando se viaxa por estes países que o mesmo supón sexan da Bretaña, da Irlanda ou da Galicia, e que teñen o mérito de se distinguir pol-a léngua

- (1) Na comedia intitulada *El Purgatorio de San Patricio*.
- (2) *Idem id. id. El mayor Prodigio*.
- (3) *Idem id. id. El Burlador de Sevilla*.
- (4) *Chez les Bretons armoricains—2 vol—Paris 1912*.

é pol-a barúdez da raza, o mais acedo trocamento fai se sentir axiña: un vento frío cheo de melancónica tristura, somella coma que trasporta a alma cara d'outros pensamentos: a rodeira das árbores se crarea ou se turba; a áspera toxeira ou mato, tínxese leixanamente da mesma côr; a pedra ou granito vése varrumada de cote n-un chan esmirrado para logo se revestir; un mar cuáseque sempre escuro dibuxa no hourizonte un círculo de eternals queixúmes. Diríase que dentro dos leitos soterráneos d'outras edades se antevé algo das impresiós que o Dante nos foi probar cando nos leva d'un sitio ao outro do seu *Inferno*. A pintura, sin dúbida ningunha tira ao negro; non é menos incontestable que ten unha gravidade e unha solencia que non son alleas á estas comarcas ou países.

A pouca transparencia da lus, as brétemas reinantes á cotío; as deformacios á éito singulares que fan sufrir á os ouxetos; as siluetas pantasmals e misteriosamente arrufadas que se prestan, cales as que se rifiren ás das penas das costas ou as dos troncos, xa raros de seu, coma os dos carballos íspidos de folla sobre dos valos; o zoar do vento que reina coma soberan; o bruar do mar cuya voz non é xamáis a mesma ao longo da ribeira, recortada sin termo, chea de currunchos, ben de abundantes recifes ou sembrada de seixos, todo esto préstase á facer nacer nas imaxinaciós, sexan bretonas ou gallegas, un ideal pantástico e sobrenatural. (1)

(1) D'unha maxestade soberán pol-a realidade que pre-

O paisaxe está en consonancia c'o clima: aó seguírese as antigas rutas abandonadas, arrumbadas de herba mol, non se esprica, sin grande pena, que un se atopa súpetamente n-un pasado tardío que vai tomare o carácter d'unha *aparizón*.

Tales rexiós, de soedade espantosa ao par que sinistra, teñen que chamaren necesariamente ao mito.

Por estas razóns, o home, sobre d'estos éidos afeitos ás evocaciós de *ultra tumba* e abundantes nos moimentos funerarios, atende n-este caso á obra da natureza.

Viaxar pol-a montaña da Bretaña ou pol-a de Galicia, é pisal-o chan clásico dos osarios e dos carneiros. E non se trata d'un homildoso rueiro para falar d'este xeito, que non teña o seu, ou que non amostre, pol-o menos, seus restos.

Dínos Le Braz que antigamente unha eigresia

senta proporcionando ao espírito fondas sensaciós ven sere a longa montaña ciclópea ou cordilleira granítica, cuyos picoutos imperfectos e de variedade arqueolóxica natural, somella á unha d'esas murallas megalíticas das que nos impon o sabio Sr. Marqués de Cerralbo na sua portentosa obra *El Alto Jalón*, ao treatare da de Monreal de Ariza (*).

Esta cordilleira á que eu me refiro de algunhas légoas de lonxitude, vai arrodear parte do litoral, morrendo na costa nomeada *da Morte* (Costa de la Muerte) en Camariñas, onde se asenta o faro do Cabo Vilán (*Cabo Villano*).

Comenza á se distinguil-a cordilleira dita indo pol-a carretera de Vimianzo á Camariñas, ao partire de mais alá da pintoresca viliña Ponte do Porto (Puente del Puerto).

(*) Páxina 74

bretona non estaba endexamais sin seu osario ben disposto dentro dos seus muros, ou ben preto d'estos. Cara á *Casa de Deus*, se quería a *Casa dos Mortos*, estos outros dioses da mitoloxía primitiva; e, a devoción dos viventes, non ten menos apego tanto para a unha coma para a outra. Do mesmo xeito pasa na nosa Galicia, pol-o menos nas igre-sias de sinificación rural. Nossos abades—e n-esto hai que lles facer xusticia, inda que algúns sectarios o neguen—tiran moito, non solasmentes pol-a conservación do culto, se non tamén, amosan grande celo pol-as inhumaciós, que na maoria d'esos templos se verifican diante da portada dos mesmos, quére-se decir, dentro do adro.

E aínda mais agregaremos, que nos enterra-mentos se prescinde de clases: o mesmo vai á coba o rico que o probe, non sinalándose mais diferen-cia intre ambas á dúas clases, que a campa mais ou menos luxosa que se coloca en riba da sepul-tura.

O cemeterio é, ao par que unha tribuna pública, un martelo: impon un deber coma impon un gusto. Pol-a seman se retrasan as xentes de boa vontade en larchaneiría piadosa, ao rematal-o seu traballo, hastra que os derradeiros tanxidos das *Ave Marías*, morren no silencio.

Na Bretaña, coma na Irlanda, coma na nosa Ga-licia, a confusión ven sere preducto de ledicias ou ditas entre dos persoaxes puramente pantásticos e os fantasmas. E tanto así é, que as formas temeirosas primitivamente enxendradas pol-o

medo das tébras, ao lonxe, maxinan a volta dos mortos.

Todol-os aspectos da sombra, en deben que se escurecen, dan na creencia popular a noción d'un carácter ordeado dos mesmos, intre dos que *se volven*, cales foran os seus séres anónimos, e sin outras atribucións definidas que as que teñen de misteriosas, sementadas de arripio. Quizaves sexan restos vagarosamente distintos dos mortos propiamente ditos.

Estos derradeiros, continúan no feito, pol-a sua maor parte, de faceren n-outro mundo o que eles fixeron n-este. Todal-as comparacións que se imponen entre das leendas bretonas e gallegas, e a antiga concepción céltica, non eiquí, sin dúbida, a menos sinificativa. Os mortos non víran de ningún xeito a sua condición de homes.

O morto—e n-esto hai que estar d'acordo con Le Braz,—*partíu*; mail-a vida que leva na sua nova residencia, é somellante á sua eistencia d'outro tempo na terra. Coma concurría ao celta das edades épicas, que estaba seguro de ire atopar sobre da *outra beira*, seu arnés de guerra e as suas armas, así o bretón e o gallego das edades que se sucederon e dos días de agora, consideran pendurados *acólá* a sua ferramenta de traballo e os seus vestidos. Os chamarileiros non deixan de ofrecerem á os chalás seu xénero nin os hortelans as suas verduras.

Por outro lado vese o pantoasma d'un labrador arrempuar e fender c'o arado a terra, ou ben o

torno d'un vello tecelán que se fai ouvir dempois da
sua morte cal se estivera vivente. Estos séres de
Ultra tumba son desinados por un nome colectivo:
as almas. Mais estas almas non aparecen ende-
xamais separadas dos seus corpos. O difunto garda
a súa forma material, seu exterior psíquico, todol-os
seus trazos; garda tamen seus vestidos acostuma-
dos; leva o mesmo traxe de traballo, o mesmo
feltro de grandes ribetes—o bretón—; ou o mesmo
pucho ou boina—o gallego—, (e se fora fai sesenta
anos, diríamos a mesma monteira que d'aquela se
estilaba); prendas que lle foran conocidas cando él
estaba no mundo. (1) E nin os seus sentimentos,
nin os seus gustos, nin as suas preocupacións, nin os
seus intereses, non poden volver seren outros. (2)

(1) Por certo que non deixa de tere gracia aquel conto do
noso celebrado e festivo poeta Añón, que encaixa perfecta-
mente no que digo (*O Pantasma*), ao respeito d'un rapaz que
por consello do abade da parroquia, e para esquencérese
dos amores d'unha moza que non o quería, debía de *apañar*
un oso, no cemeterio ás altas horas da noite, e no acto de ir á
pillalo, se lle presenta un difunto,

Non, miserable ¡vajte! E deume un couce
Coma nunca o levei na miña vida
porque o difunto aquel *gastaba zocos...*

(2) Aquel que teña cursidade en conocele-as particularida-
des da mitoloxía dos mortos mirada baixo da fantasía popular
con relación á Galicia que está d'acordo co a dos seus irmáns
da Bretaña, Irlanda e Galia, recomendareille, entre outras, a
sonada obra *Galicia* do meu querido e ilustre amigo Murguía,
e as dos que foron meus bós amigos, xa finados, Bernardo
Barreiro de W. (*Brujos y Astrólogos*), Xesús Rodríguez

As ideas cristiãs tenden á se imprantaren sobre do punto da vella creencia primitiva. A morte ten as suas simpatías e as suas repunancias; os seus amores e as suas xenreiras. Unha falla de consideración vai-lle colocar fora d'ela. Se se lle bota a culpa, ela vai se vengar. A sua acidez campesiña no na abandona xamais. É unha verdade cal a da lembranza das obrigas que deixaron impagadas, e que ao cabo, non se absolven ou perdoan menos relixiosamente; como facía o celta do tempo dos druídas, que nas mentres vivía, se apasionaba coma arrendatario pol-os seus lugares, coma sendo pescador pol-a sua barca e pol-as suas rédes. A sua casa era frecuentada cuáseque outro tanto como nos tempos pasados: volvía á se sentar no seu fogar, quentando os seus pes á rentes do lume, parolando c'os seus criados, vixilando o paso das xentes e das cousas....

A leenda da morte a temos estreitamente xunghida entre nosoutros c'o vello e tradicional culto dos mortos que tan fondas raíces inda conserva cal vemos nas ceremonias fúnebres do Abellón, o pranto, o xantar e as comidas para os mortos.

Mais non son estas memorias vivas as que nos deixaron somente aqueles que foron. Subsistentes en todo tempo legáronas en formas gráficas d'abondo. Os baixos relevos que corren ao longo dos muros da Capela maor da formosa eigresia do

López (*Supersticiones de Galicia*) e Prudencio Canitrot (*La Luz apagada*), obra póstuma, nas sotiles e fermosas páxinas 174, 178, c'o título *Elogio de las rocas*.

Convento de San Francisco da vila de Betanzos,
 inda que moitos os coidan, non mais que cal repre-
 sentaci3s das caceir3as señori3ls d'aqueles tempos



Releve da igre3ia de San Francisco de Betanzos

¿por qué non han ser alusi3s ao tránsito das almas
 e á persecuci3n da morte contra dos vivos hastra
 que logra vencelos? Cicaves sexa tal vez unha

relembanza da vella leenda xermana da misa ou caceiría da meia noite, misa ou caceiría que o coitado que n-elas era preso, coidaba tan sô duración d'unha noite, máis duraba cen anos...

A escéa da caceiría, repítese no notable sepulcro do sonado cabaleiro Fernán Pérez de Andrade (*o Bó*) «que feço este moesteiro» según reza a inscrición.

E non son estas a soilas composicións alegóricas de tal xénero que temos na nosa Galicia: no cemeterio, no meio do que érguese a eigresia de Santa María a *Nova* da pintoresca vila de Noya, consérvase un á modo de templete, obra do século XVI. Ora fose cuberta do altar onde se dixera a misa de corpo presente, ora fose lugar onde se pousara o cadaleito mentrantes se entoaban os derradeiros pregos pol- morto, está fora de dúbida que o seu ouxeto foi sempre funerario sirvindo tal vez de depósito provisional para os cadávres; mais o que o fan seguramente curioso e dino de estudio, son os baixo relevés que adornan dous dos seus catro lados do seu friso; un, o do fronte do moimento, ten grabadas grandes rosas e as catro fases da lúa; e o do lado oposto, a caceiría, véndose o animal ferido, os cás que o síguen, e o cazador que corre tras d'eles. Inda que somella que ningún punto de contacto haxa entre estas representacións alegóricas, relembra a do sonado *Trunfo da morte*, xoya do moimento singular, sin segundo na terra, e que se chama *Cementerio de Pisa*. ¿Non atopades, aqueles que d'él teñades idea, anoloxía entre do paso da

morte que, vestida de ferro e termendo da segur, vóa cara do xardin dos felices para segal-as vidas dos podeirosos, deixando coma con disprecio as tristesiras e infelices xentes que llo demandan, e as caceirías dos nosos templos e sepulturas? (1)

Espostas estas proposicións sobre do mito da Morte que algus levados da súa grande ñoranza, poida que teñan o atrevemento de consideiralas descabeladas, hei de lles contestar, por anticipado, que son productos d'un estudio científico adquirido de homes de sabencia acreditada e de universal renome.

Canso estou de ouvir n-estes tempos, á persoas de verdadeira cultura, que *agora se lée pouco*. Eu non o entendo así: léese desmasiado, en grande abundancia, mais d'aquelo que empezoña o espírito, do que o daña e o aleixóa co ese desorde de ideas, de doutrinas e de sentimentos que veñen privaren n-este ambiente podre, de que gusta a xeneración actual, que non dixere, en troques, cousas de mais sustancia...

(1) Véxase *Pisa*, conferencia dada pol-o que foi meu agarimoso amigo e eminente arqueólogo e crítico de arte, o finado Rafael Balsa de la Vega, na noite do día 6 de Febreiro do ano 1913 na sociedade «Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos de la Coruña», que tiven a oportunidade de editar—na compañía do meu querido amigo Pepe Vega Blanco,—sorprendendo, por certo, ao seu autor, que o agradeceu moitísimo.

A leenda de Don Xuan e o seu orixen

De toda canta simulación poética que a musa dramática botou ao mundo nos tres derradeiros séculos, ningunha, coma a de *Don Xuan*, tivo tan alongada descendencia nin inspirou á tantos artistas. nin provocou de tal xeito loubanzas dos públicos.

Mais se esa figura—ouxeta Víctor Said—baruda e forte, sobresaí airoosamente na súa fachendosa postura de vencedor sobre dos outros da súa executoria, e ofrece, inda hoxe, inagotable material estético á novelistas, dramaturgos e poetas; ningunha hai tampouco que presente para aleixoa-mentos de investigadores laboriosos, problemas tan complexos e tan árduos. *Don Xuan* ven sere español, desconocéndose seus oríxenes poéticos; ven sere o vinculeiro de todol-os demais e se carece dos datos indispensables para vir determinar con matemática fixeza seus vínculos de sangue c'os dos seus herdeiros e conxéneres tanto da España coma do estranxeiro. É unha figura lexendaria sin sabérese un anaco dos fundamentos míticos da súa leenda

Ven sere un home que cea c'un morto iñorándose a razón que foi dar verdade á este convite sinistro, inmediato fixador da catástrofe derradeira. Dixérase que *Don Xuan* non soasmente ledó, con desconcertal-os cálculos dos seus pirsiguidores, e con bulral-a fe de tantas fermosuras profanadas pol-os seus labres malditos, quere tamen desouren-

tar á os seus biógrafos, cravando n-eles con audaciosa alritación, a suas meniñas bulronas e orgulosas.

Non falla quen afirme—observa Said—e dá por certo, que *Don Xuan Tenorio* entra de chéu na herencia das simulaciós demográficas. Este persoaxe, coma as grandes creaciós da poética human e da inventiva popular, é obra que arrinca de séculos e xeneraciós. E soilamente dendes d'este longo mundo, apenas investigado, ven parare por troques insensibles e por determinadas gradaciós, ao estado de perfeición poética e groriosa no que hoxe ímol-o vere.

Por unha milleira de consideraciós, é humanamente imposible fixal-a ascendencia lexendaria do mito donxuanesco nos seus comenzos; mais para España pode lle cabel-a groria de que fora n-ela nacida tan orixinal figura. «O *Don Xuan* supón a coróa dramática da nosa escéa; e pol-o mesmo unha das milliores e sobresaintes simulaciós do inxenio».

O mito de *Don Xuan* non naceu en Sevilla; non é tipo histórico: *Don Xuan*, cal nos inseeña Víctor Said, é tipo lexendario; e por outra parte a leenda no seu toque verdadeiramente cimental—sendo o mais curioso aquel da céa do morto—non ten mingalla de andaluza.

O tema informador de mais creto, o fondo matriz da leenda do *Convidado*, son os textos que Said aporta no capítulo II do seu admirable libro, movéndose d'un xeito comparable ao redor d'un

punto céntrico; esto é, o do *Convite*, onde él puxo todol-os seus sentidos para ennovellar os fíos da indagación.

O éixe de toda a leenda, centro no que converxen á éito todol-os radios da fantasía vulgar que ven sere o istrumento e desenrolo ao *Convidado* de Tirso de Molina, non está na vivificación d'unha estátua, nin no aldraxe sacrílego seguido á aparición do morto. Está no acto imprudente de *Convidar á unha cúa* ao morto ou á estatua que vai lle servir de contrafigura.

Ao respeito, e logo de nos presentar casos d'abondo da mesma parecencia concurrintes n-outras leendas de diferentes países, senta un feito de moitísima sinificación, cal é aquel da comedia de *Don Xuan*, na que se mira grabada na tumba do Comendador Ulloa a verbe *treidor*, e pillas das barbas á estátua—que d'aquela aparecía non coma hoxe axionllada, se non deitada, ao longo do sepulcro en posición xacente— e dí:

Del mote reirme quiero

Y ¿os habeis vos de vengar

Buen viejo, barbas de piedra?

Agregando axiña:

Aquesta noche á cenar

Os aguardo en la posada

Y allí, el desafío haremos.

Medite un pouco o lector sobre d'este pasaxe—observa o ilustre escritor— e botará de vere o brinco súpeto e a estrana transición, mais ¿qué direi? o profundo desacordo que hai intre da repelladura

das barbas e o convite á unha cea, sobre do encá-
buxamento perfectamente lóxico de Don Xuan, e a
invitación completamente ilóxica que ven despois.

¿A qué esta invitación? ¿por qué o fogueto e
agraviado cabaleiro, ao se fixar na barudez dos
seus arrancos, no na emprende á fustancazos co a
estátua do Comendador Ulloa, como vai se vere
n-outros asuntos do mesmo xeito? Por unha razón
que non ten volta: porque o esencial da leenda
matriz da composición de Tirso, non estaba en de-
volver aldraxe por aldraxe, nin o de loitar c'un
fantasma, se non en decire:

Aquesta noite á cenar
Os aguardo.....

Saída sin xeito, que, á non se afincare n-unha
tradición racional, resultaría inespricable

O asunto do *convite* perdura á cotío c'os mes-
mos toques; sendo sempre inalteirable, e sempre o
mesmo: nos romances de Castela, Galicia e León
difire e contrasta, menos na invitación macabra que
por sere a causa ou principio dos demais, subsiste
perfectamente semellante en cinco versións:

...Calavera yo te brindo a *cenar* de la mia cena.
(de Médulas).

...Calaveira eu *te convido* esta noite á *miña cena*.
(de Cuñas).

...Calavera, ven conmigo esta noite á *la mi fiesta*.
(de Borrenes.)

...Calavera *yo te brindo* esta noite á *la mi fiesta*.
(de Riello).

...Yo te convido esta noche á cenar á la mi mesa.
(de Burgos).

O fondo, ou núcleo, ou punto primitivo da leenda, está por consiguiente eiquí; e por elo, en todol-os *Don Xuan* que no mundo foron, xa sexan españoles ou franceses; italianos ou ingleses, alemáns, etc, respetaron sempre coma nota obrigada e fundamental, a situación do Convite. Isto ven sere no que en todol-os dramas, pezas e restauracións teatraís ocorreu.

Dendes da invitación que fai á estatua da súa vítima o *Don Xuan* de Tirso, prototipo de todol-os demais, hastra ¿qué direi?—argumenta Víctor—hastra o xantar bulresco do da *Redoma Encantada* de Hartzembusch, no que comparecen as estátuas de Bernaldo, o da *espada*, e a da Ambrosio o da *carabina*...

Sexa o que se queira, a leenda do convite non é cousa sevillan. Cando Tirso foina á adoptar coma filla do seu espírito, espallábanse en abundancia, feixes de trovas e consellas por campos, cibdades e rueiros, e hastra o asunto corría aparellado c'o novo incidente da *estatua*.

É dable rematar—ouxeta o laborioso publicista—de acordo co a inmortal autoridade de Pero Grullo,—que Tirso coñeceu a leenda en calesquer parte, e pol-o mesmo en calesquer ano, antes ou despois do de 1616.

Consecuencia de todo o que levo dito: que nin Tirso de Molina, nin ningún outro, son os verdadeiros descubridores do mito de *Don Xuan*; nin

que o tal mito tivera seus comenzos en Sevilla; inda sí é de creer que fora recollido n-esta vila para apricalo o insine frade ao seu drama *El Burlador de Sevilla*.

O mito donxuanesco, pódese decir que ven sere xeneral en moitos pobos da Europa; mais a súa antigüedad é a que concreta Víctor, asentando por mor de razonamentos deribados d'un estudio metódico e coxitabundamente científico, que pertenece á España, sin determinál-o punto fixo da súa raíz, por concurrir o mesmo tema en moitísimas localidades d'ela.

Intre as ordenadas refutaciós que na súa obra maxistral, combatindo teorías de autoridades mundiais literarias, se ven as que se contraen á os italianos Riccoboni e Arturo Farinelli, o portuxés Teófilo Braga, e outros que se esforzan, con sofisticos argumentos, en lle mermar esta gloria á España, alegando que o *Don Xuan* nacera en Italia, ou no Portugal ou.... na China...

Inda que en Venecia, Nápoles, Sicilia e varias cibdades italianas, os documentos lexendarios xurdisen d'abondo, non por elo—observa noso finado amigo— xuzgaríamos que a leenda popular naciú na Italia, nin siquera que da Italia pasara ao noso país. A relación en todo caso sería d'outro xeito. Antes cabería sopoñer que por aló foi á se divulgar ao datare da fachendosa entrada de Alfonso o *Magnánimo*, xa entoada pol-a voz dos nosos troveiros emigrantes, xa difundida por mor de manuscritos góticos, ou sinxelamente propagada pol-o

labre da nosa soldadesca. ¡Pois qué! ¿Nada levaban os nosos que espresar e que decir?...

A domeñación española na Italia, durou séculos: aventureiros, soldados, mezquiteiros, arrechegábanse á aquel reino levados por un desexo de acción en fatos de caravanas; e próceres maníficos, bigardos, maleantes, poetas andarengos, comediantes troveiras, escolantes, mercadeiros, albardeiros e ropavelleiros, dempois de ocupar rúas enteiras na Sicilia e Nápoles, dábanse á larchanear ou andar de pira por Mantúa, Venecia, por Milán e outras vilas. E fixémonos que ésto ocurría cando en Nápoles, conforme declara o ilustre Ménendez y Pelayo (1), non esistía literatura italiana, nin na lengoa común, nin no dialecto do país. «A españolación d'aquel formoso territorio, cobrou carater duradeiro». «Non foi unha invasión pasaxeira—advirte outro sabio escritor, o napolitán Benedetto Croce—foi unha trasplatación de familias enteiras ao reino.» (2)

«E de acó—dínos Víctor—se o influxo dos renacentistas italianos tivo indubidable eficacia sobre dos nosos escritores cultos, os que, ao emigraren acolá aceptarían dóceles seu luminoso maxisterio, é de apreciar que nos dominios da poesía *popular*, viráranse os papés, sendo os conquistadores, aqueles que levaban espréndido bagaxe de romances, trovas e consellas, de sobras rico, para abas-

(1) *Antología de Poet. Lir. Castellanos*--tom. V, p. 78.

(2) *La Corte Spagn. di Alfonso de Aragón e Napoli*--Vol. 24--1894.

tecere á un tempo ás dúas nacións sobre dos conquistados».

Consideracións acerca do

:: apelativo Tenorio :: (1)

Na miña primeira conferencia que tiver verdadeira satisfacción en vos dar na noite do sábado 19 de Xaneiro próximo pasado, ao respeito de cousas vellas e feitos importantes da nosa amada terra de Galicia, rifirinme á un Ruiz Pérez Tenorio, matador d'aquel docísimo trovador rianxés do século XIII e esforzado guerreiro Payo Gómez Charino. (2)

(1) Sobre da etimoloxía da verbe *Tenorio* ou *Tanorio*, foi se á divagare moitísimo: O P. Sarmiento atribúyela á *tenería*, do latín da Edade Media *tanaria*, procedente do gótico *Tan*=raiz ou casca que sirve para curtir cóiros. Teófilo Braga, vaina á acomodala ao céltico *Thunaer* ou *Taranis* divinidade que tiña por embrema unha *pedra* e un *martelo*. Como a bisbarra de Tenorio en Galicia, é o país clásico dos canteiros poidera sere que aló, en séculos antigos, os naturais, rindisen á *Taranis* culto patronal. Mais poidera ser tamen que non o rindisen,—aprecia Saíd.—A ilustre escritora Carolina Michaélis, descompon d'este xeito a verbe: *Tenorio*, *Tanoiro* *Tan-auri* (Comparación con *Osorio*, *Osoiro* *Os-auri*.)—Véxase a páx. 91 nota de *La Leyenda de Don Juan*.

(2) Payo Gómez Charino ven sere un dos trovadores mais sonados pol-a súa inspiración e pol-a súa arte de rimar. Dan fe d'elo *Os Cancioneiros*, nos que se póden apreciar seus sentidos e mimosos versos. Foi o primeiro Señor de Rianxo, un tempo grande amigo do rey Alonso o *Sabio*, e logo por certas diferencias que tivera c'o monarca, pasouse ao bando do fillo d'este Sancho IV; levando unha vida desordeada e aven-



PAYO GOMEZ CHARINO
almirante e trovador gallego do século XIII

tureira que se aparellaba co a do seu carácter desacougado e guerreiro.

Durante as revoltas que en Castela xurdiran c'o motivo da minor idade de Fernán do IV; declarouse Charino amigo incondicional do infante Don Xuan o Torto; e coma consecuencia d'aquela vida aicidentada da que tanto foi gustare, atopou a morte treizoeira que lle causou un deudo seu o Ruíz Pérez Tenorio, según informa a Crónica, quen deulle c'un coitelo no meio do corazón, na presenza dos infantes Don Xuan e Don Enrique, nos campos de Ciudad Rodrigo.

O nome de Tenorio ou Tanorio é xenuinamente gallego, tendo a súa raíz en Pontevedra, usado xa na primeira metade da centuria trece, representando todo el unha xenealogía groriosa.

Teófilo Braga, o meritísimo publicista lusitan, quere que o apelativo dito sexa portugués, mais

O infante Don Xuan, no acto mesmo de se cometer o asesinato, deu á súa vez morte á Pérez Tenorio, vingando d'este xeito feito tan vilán.

Este Ruiz Pérez Tenorio fora irman d'outro notabre trovador dos *Cancioneiros*, rexistrándose n-eles sobre unhas catorce composicións de éste. Ven sere cabeza dos Tenorios de Portugal que había vido á Côte de Fernando IV coma enviado do Arzebispo de Santiago pol-o mor de certas queixas promovidas contra do Concello Compostelán.

O cadávre de Charino foi traguido á Pontevedra sigun así o indica a inscrición posta na súa campa e que vai se vere na eigrisia de San Francisco da vila dita.

Mozo debeu de exercitar Charino o seu aprendizaxe na armada gállega e moi ñaldísimas as suas empresas militares cando xa aparece como *Almirante do mar* nas campañas de Xaen en 1245 e na de Sevilla en 1248, ñalándose n-esta derradeira coma un dos primeiros campíós.

Na leda viliña de Rianxo inda se ve seu pazo señorial, que agora ven á habitalo e poseólo, un dos seus descendentes, o inspirado poeta gallego e grande amigo meu Evaristo Martelo Paumán.

Tamen outro bon amigo meu, o intelixente e sabido sagredario da Diputación provincial da Cruña, D. Manuel Viturro Posse, ten bens n-aquela localidade, algus d'eles procedentes de persoas da antiga nobreza gallega, podéndose sñalar o que foi o *Castelo de la Luna*,—que antes procedera da orde do Temple e mais tarde foi pasare á Mitra Compostelán,—do que haberei de tratar na obra intitulada *Rianjo-Altamira* que moi logo emprentarei.

incorre en grande erro, pois hai que tere na conta que certos portuxeses de sinalada cultura, cando se trata de persoas sinificadas en calesquer rama do saber, de tempos pasados, parece que queren res-talos á nosa Galicia, como aconteceu c'un bon fato de trovadores e xuglares gallegos que se atopan nos «Cancioneiros» da Vaticana e Colocci-Bran-cuti e que se tiñan ou se quírian dar por lusitans.

Rui Tenorio foi o primeiro dono e Señor do conocido Castelo de Tenorio—freigreisía de San Pedro do mesmo nome—e cuxas estrozadas mura-las aínda se ven agora cubertas de abundante edra secular, a légoa e cuarto da vila de Pontevedra.

O heroico almirante Alfonso Xofre de Tenorio, (1) da escadra de Alfonso *Onceno* foi nado, coma os seus irmáns e mais antepasados, no castelo dito.

Axuntáronse no Outono de 1339 as escadras de Castela e Aragón, a primeira dirixida por Xofre Tenorio e a segunda por Gelabert de Cruylla: combatindo no Estreito en desigoal loita, morreu o almirante aragonés; e a súa flota foise retirar á Cataluña, quedando solasmente a que mandaba Tenorio, para se opoñer á os inimigos que en grande número s'enseñoreaban do Mediterráneo e que se facían ascender a 250 naves, contra das que dispoñía o marino gallego, que non eran mais

(1) Parece que o nome d'este persoaxe, quere se lle facer figurar n-unha rúa de certa poboación gallega aló por los séculos XV e XVI según documentos d'aquelas datas. Mais como ofrece dúbida somellante afirmación, conveño solas-mentes en apuntala.

que 27 galeras maltratadas, 6 gruesas naves e algun barco de transporte.

Non faltaron cobizosos que dixeran que Tenorio, mais medoñento que prudente, fuxía de todo encontro, rumores que lle fixo conocer á sua propia dona, que d'aquela residía en Sevilla. Ferido no seu pundonor o barudo marino, dicidiu entaboar loita desigoal para morrer coma un héroe, no mero feito de se lle tildare de cobarde.

Así, o 4 de Abril de 1340 imbiste Xofre co a sua deble escadra, a fortísima armada contraria—que se atopaba en áugoas de Alxeciras,—de Alboacen, rey de Marruecos, caendo na loita co aquela brabeza e aquela fidalguía de home dino e de valente guerreiro.

O relato d'este combate pódese ver na *Crónica de Alfonso XI*, onde se detalla con encantadora sinceiridade, fazaña tan heroica. (1)

(1) Véxase tamén como refire o feito un vello historiador dos que merecen mais creto:

"Don Alonso Iufre Tenorio, decimo sexto Almirante, lo era reynando el Rey don Alonso el vltimo, en cuya chronica está notado de gran cauallero, y tambien fue su guarda mayor. En el priuilegio de los fueros de Escalona, su data a veinte y quatro de Mayo, de mil y trezientos y diez y siete, está por confirmador. Adelante el año de veinte y ocho, venció la armada de los Reyes de Marruecos, y Granada. El de treinta y seis confirmó vn priuilegio de la yglesia de Palencia. El de treinta y siete, desbarató la armada Portuguesa, y a su Almirante Micer Manuel Piçano. El de quarenta, con solas treinta y tres galeras, acometió a la armada de Alboacen Rey de Marruecos, y fue vencido, y muerto, hauiendo tenido este oficio veinte y siete años, por lo menos. Este Al-

Esta nobre casa dos Tenorios deixou diversas ramificaciós o mesmo en Portugal coma en Sevilla; e n-esta derradeira cibdade, establecéronse os fillos do manate gallego Pedro Roiz Tenorio—bisabô do almirante dito—cando a toma e conquista da vila nomeada, en cuyo empeñado cerco figurou con honra e bravura o Pedro Roiz Tenorio, loitando baixo das bandeiras do seu rexio tío Fernando III o Santo.


De acó que d'os fillos e netos de Pedro Roiz, vai vir no seu primeiro orixen o alongado linaxe dos Tenorios sevillans, e por consiguiente, nos informa Víctor Said, con moitísima lóxica, o sere errónea a apreciación de Teófilo Braga. «Moito mais estivo no certo Tirso de Molina cando na escéa da sedución de Aminta do *Convidado de Piedra* puxo nos labres de *Don Xuan* aquela relación que dí:

Yo soy noble caballero
cabeza de la familia
de los Tenorios antiguos
ganadores de Sevilla...

mirante dexó por su hijo a Ioan Tenorio Comendador de Estepa, y Trece de la orden de Santiago, a Alonso Iufre Tenorio Alguacil mayor de Toledo, y vna hija que se llamó doña Maria Tenorio, que casó con Martin Hernandes Portocarreiro, señor de Villanueva de el Fresno. El Ioan Tenorio fue padre de don Pedro Tenorio Arçobispo de Toledo, y de doña Vrraca Tenorio muger de Fernan Gomez de Silua, Ayo de el Rey don Fernando de Portugal, de quien proceden las casas de Cifuentes, y Montemayor, y sus Siluas..»

SALAZAR DE MENDOZA. *Origen de las Dignidades Seglares de Castilla y León.*

E este argumento—darei eu—non ten volta, ao se fixar que a descendencia dos Tenorios sevillans inda estaba por se formar, atendendo á que a linda vila que lambe o Guadalquivir, séculos facía que s'alcontraba no poder dos mouros... (1)



Rianxo—
Casa de Martelo que
fue de Charino.

Rianxo.—Pazo de Payo Gómez Charino.

(Dibuxo de Enrique Castillo Basóla)

(1) Do Pedro Roiz, foi un bastardo de Alfonso IX de León que casou c'unha filla menor de *Rui Tanorio*. Este Rui, ven sere o primeiro dono do Castelo d'este nome, en Pontevedra.

Derradeiras consideraciós

E eiqui tedes unha das páxinas de singular releve que afecta á nosa historia e literatura rexional recollida en parte no interesantísimo libro *La Leyenda de Don Juan*, que escollín de tema para engarabullar estas cuartillas e servírvolas na noite de hoxe, consagrada pol-a nosa *Irmandade* para honral-a santa memoria do seu gabado autor.

E vou rematar, meus bós amigos e irmáns, qu'esta cativa labor miña vai sendo desmasiado pesada, e hastra deslabazada, se queredes; mais en troques ela reflexa os meus sentires e unha admiración profunda por Víctor Said que tantas obras maravillosas concibiu, nas que se contan, ademais das ditas, *Iseo*, *La flor del agua*, e outras; home de grandes virtudes e de escepcionais talentos, comparados á os do sonado Menéndez y Pelayo—¡morto tamén!— n-esta sorte especial das letras...

A sua labor cultural vivirá de cote nas almas dos que tivemos a fortuna de lle querer, dos que d'él como dixo Miguel de Unamuno, adprendímos leiciós non soilo de cencia se non tamén de notable dinidade de cibdadán libre.

¡E cantos traballos ocultos e reproductivos para as letras gallegas,—dos que disgraciadamente non poidemos disfroitar—se levaría á misteriosa tumba Víctor Said Armesto!...

Aqueles que de vosoutros sexades ferventes católicos, téñovos de rogar que lle adiquedes unha oración sinceira; e os que indifrentes sexades á

toda clas de relixiós, reservádelle tamen no fondo do voso corazón un recordo sentido, que ben merecido o ten á éito, aquel que tanto amou e honrou á nosa meiga terra de Galicia.

E díxen.

*
*
*

Habendo determinado emprentar estas cuartillas coma unha pequena ofrenda á estreita amizade que en vida foi me dispensar **Víctor Said Armesto**, e para satisfacer ao mesmo tempo eisixencias agarimosas de sinificados e bós compañeiros da *Irmandade da Fala*, na Cruña, veñen avalorar aquelas, a sentida e fermosa *Carta prólogo* do egrexio e venerado Patriarca das nosas letras D. Manuel Murguía, e o no menos sentido e sinxelo *Colofón* de Euxenio Carré Aldao—ambos á dous queridos amigos meus—Presidente e Sagredario da Real Academia Gallega.


Cómpreme un obrigado deber de lles testimonial-a miña sinalada gratitude, ao viren honrar d'este xeito o meu probe traballiño.

E cómpreme tamén, por derradeiro, sinificar á os meus amigos e irmáns en ideas e doutrinas, o meu reconecimento mais fondo pol-a relixiosa atención que se sirviron prestar á labor dita, na noite consagrada á relembraar a triste efemérides sobre d'ausencia eterna d'unha das mais prestixiosas grorias da nosa amada terra; aproveitando, de paso, a ocasión, por remate d'estas páxinas, para lles aconsellar que prosigan na **gran obra** de que

nos falou Faraldo, petando con man forte n-alma colectiva da nosa patria para que acabe d'esper-
tar axiña do sono en que está debruzada e do que
comenza xa á se espaxer, pol-o milagre da nosa
meiga fala, virada en arma de combate e propa-
ganda pol-os nosos elocuentes e cultos oradores.

Enxérganse pol-o hourizonte as rayolas d'unha
nova alborada de redención; e cegos serán os que
non vexan que Galicia aspira á ela.

Poñamos, pois, fé e esperanzas nas enerxías
da raza, e o porvir será noso...



COLOFON

As follas que vés de leer ¡ouh lector amigo! escritas foron c'o fondo sentimento e con toda aquela vehemencia que pon nas suas cousas ese gran corazón que se chama Francisco Tettamancy.

Elas, s'é que o non sabías de antemán, falaronche de que houbo no mundo un gran escritor e un gran gallego, Víctor Said Armesto, nin ben conocido aínda, nin ben apreciado tampouco, pol-a xeneralidade das nosas xentes.

Foi Víctor á modo da viva luz d'un lóstrego, que entromedias das negruras do céu clarexa todo canto nos rodea, mais presto esvaise seu resplandor e volven de novo, co as suas tébras, á seren donas e reinas do misterio as medoñentas sombras da noite.

Así non se deu inda ben conta Galicia da gran perda que sufríu co a morte do malogrado escritor.

Poucos foron os que reconocían o seu valer, no chán nativo. Sosmente os seus íntimos, aqueles seus caros amigos, millor dito irmans en ideas e afectos, sabíamos quen era e o que d'él podía esperar a nosa terra. En troques, os alléos, mais desapasionados e mais xustos, tiñano deprendido abondo.

Foi perciso que a morte o chamara á sí para

que Víctor adequirise, ante moitos dos nosos, a conciencia de todo o seu gran valimento.

Non houbo d'aquela quen d'él non falara ou loubase os seus méritos, inda non souperan cales eran. Os detractôres de pasados tempos foron dos primeiros nos coros de alabanzas. É natural. Os mortos non fan xa sombra.

¡Pobre amigo! Cando chegache ao termo ambicioado, tras rudas loitas nas que non foron nin as mais pequenas nin as menos ruís as que desde a tua terra che suscitaron uns desleigados, cegos d'envexa, encontrache, por romate, non os acougos da vida se non a calma doce e fonda da morte.

Así víuse privada Galicia dos insiños que para sua maor honra e gloria tiñanse de divulgaren dende a *Cátedra de literatura galaico-portuguesa* na «Universidade Central». Esa cátedra espertou cobizas e sementou envexas. N-uns, por se creeren d'ela mais merecentes, e n-outros porque, aniñadas nos seus peitos as mais baixas pasiós, pretestando un mintireiro amor á patria, traballaron de tal xeito que mais somellaban deseios de botar por terra o pensamento que non o de que se lle dera cima.

Mais a proba de que ninguén, fora quen fora, gallego ou estranxeiro, podería ocupala con mais méritos que Said Armesto, a temos en que, morto éste, nin se provistou nin houbo quen ousara pretendel-a cátedra que quedou vacante. ¿Onde van os que o fixeran d'aquela? ¿Onde estan os *patriotas* (?) d'outroa?

Triste síno o de a nosa terra. Non sabemos se

pol-o que tanto se ten dito de que os dioses chaman así á os que ben aman ou se pol-a malafada de Galicia, todos aqueles que mais honra e proveito poderían emprestárenlle, morren axiña sin que a nosa patria obteña d'eles os logrados froitos do seu talento.

En troques, a morte non se acorda dos que para nada servimos nin escolle entre dos que mais dano que proveito fan á todol-o noso. ¡E sobran tantos d'eles entre de nosoutros! ¡Temos tantos outros que poñen á cotío en ridículo o noso país!

Ben está, pois, que haxa na nosa rexión quen, como a *Irmandade de amigos da fala*, honre a memoria, consagrandolles un recordo, dos ilustres fillos de Galicia que a morte nos leva: pero non estaría por mais que esos honores e eses recordos non se fixeran tardos para que o tempo ao seu andar non os traya fora de ocasión e sin finalidade práctica algunha. Lembremonos da tan sabida fabula.

Mentramentes na nosa terra non se lle preste toda a atención de que é merecente á obra dos que calada e modestamente traballan pol-o rexurdimento do país e pol-a contra sexan poucas total-as alabanzas e se botemán, hasta agotalos, de todol-os adxetivos, para gabar á os *parvenus* ou á os que non fan labor de mais xeito que poñeren en ridículo as nosas cousas e a nosa terra, pouco ou nada adiantaremos no noso camiño.

Repitirase outra vez mais a leenda, desfiguráranse feitos e vidas e seguirán correndo como

verdadeiras as máis estranas e pelengrinas paradoxas. Vai sendo xa tempo, de non atallar este mal, de se preguntar se os gallegos de hoxe coma os xermanos de que nos falou Tácito teñen animais por oráculos.

Por eso é o abrir de boca e o bater doente de máns, chéos os ollos do pasmo e toleando c'o agasallo do aloumiño, cando calquer *arribista*, sexa de donde sexa, chega á nos á *descubrinnos* e á nos redimir, falándonos, coma cousa nova, do que xa de ben atrás deberíamos tere esquecido por habere sido xa dito pol-os-nosos. Mais por eso, *por ser dos nosos*, non quixemos prestarlles atención nin menos darlles crêto.

É, pois, moi dino de loubas o noso querido amigo ao dare á publicidade o seu meritorio traballo, documentado como todol-os seus e axustado á máis estricta das verdades. N-él analízase un dos múltiples aspectos da mentalidad do nunca ben chorado Víctor Said Armesto. N-esas follas, onde o seu autor puxo todol-os sentimentos do seu noble corazón, adeprenderán os gallegos que saíban pensaren e sentiren, por cantos e can diversos camiños podese chegar á reivindicación de Galicia, que non é un tan solo, o que nos ha de levar á ela, como coidan algúns.

Son percisas obras do xeito da de Tettamancy. Inda que quen os escriba non sexa dos homes—cumes da mentalidade española, moitos d'eles sin outros méritos para obter tal calificativo que o de seren ao mesmo tempo grandes políticos e dispen-

sadores de mercedes, traballos como o de que falamos, son merecentes de conocérense e divulgárense.

Fagámolo, pois, todos así, e á cotío, para que non se siga dando o caso, tan común e fatal para Galicia, da que todol-o noso se adultere, se misture ou sea levado por todol-os camiños, menos pol-o verdadeiro. Así nos pasou co a nosa pobre Rosalía, a eisimia cantora gallega, a mais conocida do noso pobo, a que mais o fixo sentire e que mais se identificou co as suas coitas e co as suas alegrias, creando c'os seus versos inmortals, unha patria, unha literatura e unha léngua. ¡E inda hai quen s'estreva á escribir agora que somentes foi popular despois da morte! ¡Ouh preocupación e canto podes!...,.

Ela, personificación da nosa terra, tiña de sufril-a mala fada que preside os destinos de Galicia. Por eso, tan desdichada de morta como de viva, a cantora dos humildes, soilo nos homildes poido alcontrar almas xemelas da sua alma que a souperan comprender.

Os grandes, os mais altos, levando quizais mais nos labres que no corazón o nome da insigne gallega, aprestáronse á *honrar* a sua memoria, poñendo antes pouco ou nada da sua parte, cando gracias as enerxías e voluntá de ferro de un benemérito gallego, Fraiz Andón, pudo dárselle termo ao moimento que para gloria, non do gran poeta, que este ten abondo c'o seu soilo nome, senon de Galicia, acaba de se lle erguer no seu pobo natal, na vila de Compostela.

¿E como honraron á Rosalía, á máxica cantora do Sar? Pol-a prensa volou a noticia. A maoría das numerosas comisiós que asistiron ao solemne e trascendental acto, mais que como homenaxe ao gran poeta, fixérono como deferencia á quen n-aqueles momentos, antes que outras representacións, tiña para eles as do Goberno e a da súa personalidade política. A imáxen simpática, doce e melancónica da cantora da raza, víu desfilar dende o seu pedestal de gloria, aquelas figuras, figuríñas e figurós para os que ela era tan soilo o pretesto. O mais era faceren acto de presenza diante de quen conviña.

¡Pobre Rosalía! Inda non sendo eso abondo era necesario que o teu mais alto biógrafo, se ben tratándote con todo cariño, veneración e respecto, fixérase eco da leenda e déralle cabida entromedias das filigranas e galas do bon decir. Así patrocinou notorias inesactitudes quen millor que outro algún poidera habérese feito eco da única, da grande verdade da tua vida.

E así correrá a leenda, apoyada pol-os que mais deberan precuraren desterrala. Por eso, repetímolo de novo, a labor de Tettamancy é digna de sere loubada por todol-os bôs gallegos.

Facer conocelel-os nosos, tal cal eles son, non tal como os fan ou queren facelos, é o que todos temol-a obrigación de que así sexa. Esa é a verdadeira obra reivindicadora. Non a que se basa en prexuios determinados nin a que fan os que, c'o pretesto de adular á uns con perxuiro de outros,

cando nos vastos campos das letras hai lugar abondo para todos, nos falan, ripitindo manoseados conceptos, de que a literatura en Galicia é cousa morta e de que casi non hai quen cultive a nosa doce léngua,—léngua de reises e trovadores— pois está decadente, empobrecida, se é que inda hai quen a fale. ¡Decir esto hoxe, cando ende xamais contou Galicia con tantos e tan bôs e delicados poetas, con tantos e tan cultos e afinados prosistas como agora! Do desconocemento d'estes principios básicos teñen por ley fatal que seren fillos os erros, as falsas afirmaciós e direccións dos moitos que hoxe escriben sin esculcaren ben no pasado.

Así, escribindo e falando ex-cátedra dos nosos e das nosas letras non faremos ende xamais patria. Ben nos abonda c'o que de nos dín os alléos sin que á elo teñamos de xuntare os dos de casa que lles fagan coro.

Por eso este noso *Colofón*. Non quixemos que se publicase o libro sin lle añadir estos ringlós nos que a verdade será amarga, pero é verdade. Se non fora pol-os respetos que lle son debidos á seu autor ¡canto diríamos aínda! Mais quédesse o por decir para outra millor ocasión. Na nosa xa longa e cansa vida, moito temos visto e de moito poderíamos falar. Cicais, antes de que chegue a nosa derradeira hora, falaremos algun día de certas cousas que tirarán moitas carantoñas e poñeremos ás vistas das xentes, descorrendo sin outro aviso o pano que as tapa, as interioridades das letras ga-

llegas. D'aquela será o cruxir de osos e o chavear de dentes de que nos falan as Escrituras.

Non esquezamos, inda o teñan moitos por baladí, que sin o coñecemento da nosa historia, da nosa literatura e da nosa léngua toda obra reivindicadora será como cimentada na aréa. Por nosa historia saberémolo que fumos e o que deberemos ser; por nosa literatura chegaremos ao coñecemento da cerna da alma do noso pobo; e pol-a nosa léngua terémol-o sino da nosa nacionalidade, que é a que hoxe temos todos a obriga de erguer ben alta.

O afecto e estimación dos alléos coménzase a adequar pol-os principios que estos teñan da literatura d'un pobo: conocele a amalo. Por eso o interese grande de faceren resaltar-as súas é xeneral en todol-os países. De ahí que para nos Francia, Inglaterra, Alemaña, e hastra a leixana Rusia, son-nos mais queridas e as coñecemos millor que o país veciño e irmán de Portugal, pois d'este poucos, contados, son entre dos nosos os que saben cantos e can grandes escritores naceron e floreceron entre d'aqueles á os que nos ligan fortemente os triples lazos da léngua, da literatura e da raza.

Dígannos o que nos digan, camiñemos sempre adiante pensando en Galicia e cultivando o noso horto, e se alguén, pretende aldraxarnos, por que o noso vaso sea cativo respondámoslle c'o poeta:

O meu vaso é pequeno; pero eu bebo pol-o meu vaso.

Na Cruña, ano de 1917.


Euxenio Carré Aldao.

ÍNDICE

	Pax.
Unha folla de M. Murguía.	7
Preliminars	9
Víctor Said e a súa obra	12
A leenda da Morte	15
A leenda de <i>Don Xuan</i> e o seu orixen	26
Consideraciós acerca do apelativo <i>Tenorio</i>	33
Derradeiras consideraciós.	40
Colofón de Euxenio Carré Aldao.	43

FOTOGRAFADOS

Retrato de Víctor Said Armesto co a súa firma autógrafa.	5
Relevo da igrexa de San Francisco de Betanzos.	23
Retrato de Payo Gómez Charino, Almirante e trovador do século XIII	34
Pazo de Payo Gómez Charino en Rianxo.	39



OBRAS DO AUTOR

Historia Comercial de la Coruña, agotada.
Enredadas, poesías en gallego (fora de venda), agotada.

O Castro de Cañas, (*Boicentril*) poema gallego, ilustrado con fotograbados, agotada.

Diego de Samboulo, estudio histórico (século XIV), verso e prosa gallegos, ilustrada con fotograbados, agotada.

Discurso, contestación ao de D. Manuel Díez Sanjurjo, con motivo da recepción d'este Señor como membro de número da *Real Academia Gallega* (fora de venda).

La Revolución Gallega de 1846, 2.^a edición, ilustrada con 62 fotograbados.

Brifanos y Galos (*Páginas de la Guerra de la Independencia, 1808 á 1809*), ilustrada con 40 fotograbados, 3.^a edición.

Batallón Literario de Santiago (*Diario de Campaña*), ilustrada con 9 fotograbados e varias firmas autógrafas (2.^a edición).

Los Mártires de Carral, *Sumario original de la causa*, con 17 fotograbados e varias firmas autógrafas (2.^a edición).

Bolcenfril, Poema en verso e prosa gallegos (estudio protohistórico-gallego), ilustrada con 9 fotograbados (2.^a edición).

La Torre del Homenaje del Castillo de Villalba, ilustrada con 19 fotograbados.

Víctor Said Armesto, traballo leido na noite do 3 de Agosto de 1917 con motivo do homenaxe consagrado pol-a *Irmandade da Fala*, na Cruña, para honrar a memoria de tan ilustre escritor, con 4 fotograbados (fora de venda).

PRÓXIMAS A PUBLICARSE

Rianjo-Alfamira.

La expedición del Marqués de la Romana á Dinamarca (1807), en colaboración.

Documentos de créditos gallegos, séculos XV, XVI, XVII, XVIII e primeiro tercio do XIX.

Lope de Vilouzás, estudio histórico (século XV).


O Moestelro de Cánduas, id. id. (século XV).

A Torre de Hércules.

ERRATAS


—

<u>Páxina</u>	<u>Ringleira</u>	<u>Dí</u>	<u>Debe decirse</u>
12	14	saborear a	saboreal-a
22	19	lenda	leenda
27	29	matris	matriz
31	8	deribados	derivados
31	18	en mermarlle	en lle mermar
37	14	brabeza	braveza
43	5	falaronche	faláronche
45	19	Lembremonos	Lembrémonos



THE HISTORY OF THE

Year	Month	Day	Event
1776	July	4	Declaration of Independence
1776	September	26	First Battle of the Clouds
1776	October	4	Second Battle of the Clouds
1776	November	1	End of the War
1776	December	1	Peace Treaty
1776	January	1	Start of the New Year
1776	February	1	Start of the New Year
1776	March	1	Start of the New Year
1776	April	1	Start of the New Year
1776	May	1	Start of the New Year
1776	June	1	Start of the New Year
1776	July	1	Start of the New Year
1776	August	1	Start of the New Year
1776	September	1	Start of the New Year
1776	October	1	Start of the New Year
1776	November	1	Start of the New Year
1776	December	1	Start of the New Year



Rematouse de empreitar esta obriña na
vila da Cruña, na **Imprenta Obreira**
nos primeiros días do mes d'Ou-
tono de 1917

—
NON SE PON Á VENTA